



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



empregarse
procesos de ingreso

**Proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso
no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1),
escala superior de estatísticos/as**

Primeiro exercicio

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1 A figura que representa no diagrama de Lexis o fluxo dos falecementos habidos durante o ano 2012 de varóns con 75 anos cumpridos, pertencentes á xeración de 1937 é:

- A) Un segmento
- B) Un triángulo
- C) Un cadrado
- D) Un romboide

2 A taxa bruta de mortalidade ten

- A) Unha variable fluxo no numerador e unha variable stock no denominador
- B) Unha variable fluxo no numerador e unha variable fluxo no denominador
- C) Unha variable stock no numerador e unha variable stock no denominador
- D) Unha variable stock no numerador e unha variable fluxo no denominador


3 A taxa bruta de reprodución e a taxa neta de reprodución:

- A) Canto máis alta é a mortalidade feminina menos se diferencian
- B) Coinciden en ausencia de mortalidade de mulleres en idade fértil
- C) A taxa bruta sempre é menor que a taxa neta
- D) Na taxa neta interveñen soamente os nacementos femininos mentres que na taxa bruta considéranse todos os nacementos

4 A relación entre a inmigración desde o exterior a unha determinada área xeográfica e a poboación media da devandita área xeográfica denomínase:

- A) Índice de atracción
- B) Índice sintético de inmigración
- C) Taxa bruta de emigración
- D) Taxa de migración neta

5 Na seguinte pirámide de idades, ¿cal é a proporción de habitantes de 65 a 74 anos se a proporción de habitantes de 60 a 64 anos é o 10%?



- A) O 2%
- B) O 4%
- C) O 8%
- D) Ningunha das anteriores

6 O método da táboa cadrada de Bocaz é:

- A) Un modelo de proxección multirrexional
- B) Un método indirecto de mortalidade
- C) Un modelo de fecundidade
- D) Ningunha das anteriores

7 O denominador na taxa de xefatura de fogar é:

- A) A poboación total
- B) A poboación que vive en vivendas familiares
- C) O número de persoas principais
- D) O número de fogares

8 O modelo dinámico LIPRO de proxección de fogares ten como unidade a proxección a individuos clasificados por unhas determinadas características. ¿Cal das seguintes non é unha delas?

- A) Estado civil
- B) Idade
- C) Sexo
- D) Posición que ocupa no fogar

9 ¿Cal das seguintes afirmacións sobre as estatísticas do Movemento Natural de Poboación é verdadeira?

- A) A estatística de matrimonios non recolle os matrimonios entre persoas do mesmo sexo
- B) A estatística de nacementos non recolle os nados con vida antes das primeiras 24 horas de vida
- C) A estatística de defuncións recolle todas as defuncións que ocorren en España, independentemente de sexan de poboación residente ou non residente
- D) Os datos para elaborar a estatística de nacementos recóllense no Boletín estatístico de nacementos e mortes

10 Galicia é unha unidade territorial do nivel

- A) NUTS 1
- B) NUTS 2
- C) NUTS 3
- D) NUTS 4

11 Os niveis da CPA-2008, de menor a maior desagregación, son:

- A) Sección, división, grupo, clase, categoría, subcategoría
- B) Sección, división, clase, grupo, categoría, subcategoría
- C) División, sección, clase, grupo, categoría, subcategoría
- D) División, sección, grupo, clase, categoría, subcategoría

12 Desde o punto de vista estatístico, unha parroquia é:

- A) Unha entidade singular de poboación
- B) Unha entidade colectiva de poboación con personalidade propia e orixe histórica
- C) Unha entidade local menor, definida pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- D) Un núcleo de poboación con menos de 50 edificacións e que é coñecido por unha denominación específica que o identifica sen posibilidade de confusión

13 Para proceder á reforma do artigo 57 da Constitución relativo á sucesión á Coroa, é necesaria a súa aprobación por:

- A) Maioría absoluta do congreso, procedéndose á disolución inmediata das Cortes.
- B) Maioría de dous terzos de cada Cámara, procedéndose á disolución inmediata das Cortes.
- C) Maioría de dous terzos do Congreso, procedéndose á disolución inmediata das Cortes.
- D) Maioría de tres quintos de cada Cámara, procedéndose á disolución inmediata das Cortes.

14 Quen nomea ao presidente da Xunta de Galicia?

- A) O presidente do goberno de España
- B) O presidente será elixido polo Parlamento galego e nomeado polo presidente do Parlamento
- C) O rei de España
- D) Por ningún dos anteriores

15 Contra as disposicións administrativas de carácter xeral:

- A) Poderá interpoñerse recurso de revisión
- B) Poderá interpoñerse recurso de reposición
- C) Poderá interpoñerse recurso extraordinario de reposición
- D) Non cabe recurso en vía administrativa

16 Segundo o artigo 76 da lei 30/1992 de 26 de novembro, os trámites que deban ser cumprimentados polos interesados deberán realizarse no prazo de:

- A) Dez días
- B) Quince días
- C) Quince días hábiles
- D) Un mes

17 Segundo o disposto no RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a adquisición dun programa de computador desenvolvido a medida considérase:

- A) Contrato de servizos
- B) Contrato de subministración
- C) Contrato de concesión dun servizo
- D) Contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado

18 Os contratos de obra e concesión de obras públicas están suxeitos a regulación harmonizada cando o valor estimado do contrato sexa igual ou superior a:

- A) 207.000 €
- B) 134.000 €
- C) 5.000.000 €
- D) 5.186.000 €

19 Segundo o que dispón a Lei de subvencións de Galicia a obrigação das entidades colaboradoras é entregar aos beneficiarios os fondos recibidos de acordo a:

- A) Os criterios establecidos nas bases reguladoras das subvencións
- B) Os criterios establecidos no convenio celebrado coa entidade concedinte
- C) Aos criterios establecidos na Lei de subvencións de Galicia.
- D) Os criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención e no convenio celebrado coa entidade concedinte.

20 Cal dos seguintes non é un órgano superior en materia de función pública, segundo o decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia?

- A) O Consello da Xunta
- B) O Conselleiro/a competente en materia de función pública
- C) A xunta de persoal da Xunta
- D) O Consello galego da función pública

21 Sinala cal destas afirmacións é correcta

- A) Un stock é unha cantidade medida nun determinado momento de tempo, mentres que un fluxo é unha cantidade medida por unidade de tempo. O PIB é unha variable stock e a débeda pública é unha variable fluxo
- B) Un fluxo é unha cantidade medida nun determinado momento de tempo, mentres que un stock é unha cantidade medida por unidade de tempo. O PIB é unha variable fluxo e a débeda pública é unha variable stock
- C) Un fluxo é unha cantidade medida nun determinado momento de tempo, mentres que un stock é unha cantidade medida por unidade de tempo. O PIB é unha variable stock e a débeda pública é unha variable fluxo
- D) Un stock é unha cantidade medida nun determinado momento de tempo, mentres que un fluxo é unha cantidade medida por unidade de tempo. O PIB é unha variable fluxo e a débeda pública é unha variable stock

22 Para os efectos do Sistema Europeo de Contas (SEC), as unidades institucionais residentes no territorio económico agrúpanse en cinco sectores institucionais mutuamente excluíntes. ¿Cales son?

- A) Empresas, familias, administración pública, resto do mundo e outras entidades
- B) Fogares asalariados, Outros fogares, Sociedades, Administracións Públicas e Institucións Financeiras
- C) Fogares, Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares, Administracións públicas, Institucións financeiras e Sociedades non financeiras
- D) Fogares, Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares, Sociedades financeiras, Administracións Públicas e Sector resto do mundo

23 Unha empresa dedicada á elaboración industrial de bebidas alcohólicas decidiu non contratar a unha empresa consultora e realiza internamente a súa contabilidade. Segundo o SEC diríamos que esta actividade é:

- A) Unha actividade secundaria dentro da empresa, posto que a actividade principal é a elaboración industrial de bebidas alcohólicas
- B) Un consumo intermedio para a empresa, xa que o gasto do persoal dedicado a estas actividades é un servizo que autoconsume a empresa
- C) Unha actividade auxiliar dentro da empresa e para a súa utilización dentro da empresa
- D) Unha produción non de mercado, posto que non pasa polo mercado

24 Sinale a definición correcta de operación de distribución

- A) As operacións de distribución son aquelas mediante as que se distribúe o valor engadido xerado pola produción entre o traballo, capital e Administracións públicas, así como as operacións que supoñen a redistribución de renda e riqueza
- B) As operacións de distribución son operacións con activos financeiros e con pasivos entre unidades residentes e entre estas e unidades institucionais non residentes, cuxo obxectivo é a distribución da riqueza entre residentes
- C) As operacións de distribución son operacións que supoñen a adquisición ou cesión de un ou varios activos por, polo menos, unha das partes que interveñen na operación
- D) As operacións de distribución xorden cando os propietarios de activos financeiros e de recursos naturais os poñen a disposición doutros usuarios

25 ¿Cal das seguintes transferencias non se clasificaría baixo o epígrafe "Transferencias correntes diversas (D75)" recollido no SEC?

- A) As transferencias correntes ás Institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares
- B) A cooperación internacional corrente
- C) As multas e sancións
- D) As transferencias correntes entre os fogares

26 ¿Qué é a capacidade ou necesidade de financiamento da economía?

- A) Representa o superávit (capacidade) ou déficit (necesidade) do total da economía na súas operacións correntes co resto do mundo
- B) Representa os recursos netos que a economía no seu conxunto pon a disposición do resto do mundo (se é positiva –capacidade-) ou que recibe do resto do mundo (se é negativa –necesidade-)
- C) Representa o valor dos activos non financeiros da economía no seu conxunto, menos o saldo dos activos financeiros e dos pasivos do resto do mundo
- D) É o saldo da conta de utilización de renda

27 ¿Qué táboa deberá utilizarse para calcular os coeficientes acumulados, é dicir, a inversa de Leontief?

- A) As táboas de orixe e destino, a prezos básicos
- B) A táboa de destino da produción interior
- C) A táboa input-output simétrica para a produción interior
- D) A táboa input-output simétrica para as importacións

28 Na transformación dunhas táboas de orixe e destino a unha táboa input-output simétrica transfírense producións secundarias e os inputs asociados a estas. Dita transferencia faise utilizando fundamentalmente dous tipos de hipóteses. A aplicación directa dunha delas pode desembocar en coeficientes negativos. ¿De qué hipótese se trata?

- A) Tecnoloxía da rama de actividade, ou da industria
- B) Tecnoloxía descendente o pseudodescendente
- C) Tecnoloxía do produto
- D) Todas as respostas anteriores son incorrectas

29 Sinala a afirmación incorrecta

- A) O propietario dunha empresa non constituída en sociedade considérase traballador autónomo para os efectos do Sistema Europeo de Contas se traballa na súa empresa, sempre que no desenvolva ao mesmo tempo e a título principal un traballo asalariado
- B) Os axudantes familiares non remunerados inclúense dentro dos traballadores autónomos
- C) Un residente en Valença do Minho (Portugal) cruza a fronteira todos os días para traballar nunha fábrica do Porriño. Este traballador formaría parte do emprego da economía galega para os efectos do Sistema Europeo de Contas
- D) Un residente en Valença do Minho (Portugal) cruza a fronteira todos os días para traballar nunha fábrica do Porriño. Este traballador formaría parte do emprego da economía portuguesa para os efectos do Sistema Europeo de Contas

30 Sinala a afirmación correcta:

- A) Nunha conta satélite modifícanse todos os conceptos e clasificacións básicos do marco central, porque serven para satisfacer necesidades de información concretas, non xerais
- B) Unha conta satélite sobre o turismo podería satisfacer as necesidades específicas de información do sector mantendo os conceptos e clasificacións básicos do marco central pero introducindo cambios en determinados aspectos puntuais para ofrecer máis información
- C) A presenza de variacións a moi curto prazo, debidas ao clima ou ao calendario, fai que os métodos para o tratamento da estacionalidade sexan de habitual utilización na elaboración e difusión das Contas rexionais anuais
- D) A presenza de unidades multirrexionais impide a compilación de Contas trimestrais rexionais e das Contas rexionais dos fogares

31 Un mercado perfectamente competitivo é

- A) Un mercado no que existen un pequeno número de compradores que inflúen no prezo, e un gran número de vendedores
- B) Un mercado no que existen numerosos compradores e vendedores, polo que ningún inflúe significativamente no o prezo
- C) Un mercado no que existen un pequeno número de vendedores que inflúen no prezo, e un gran número de compradores
- D) Un mercado no que existen poucos compradores e vendedores, polo que todos inflúen no o prezo

32 A función que describe canto se prefire unha cesta de mercado a outra denomínase

- A) Función de utilidade marxinal
- B) Función de utilidade ordinal
- C) Curva de indiferenza
- D) Función de utilidade cardinal

33 Se como consecuencia da firma dun convenio colectivo aumentan os salarios dos traballadores das empresas que producen un ben A, ¿cal dos seguintes resultados producirase?

- A) Diminuirán a cantidade intercambiada e o prezo de equilibrio
- B) Diminuirá a cantidade intercambiada e o prezo de equilibrio aumentará
- C) Aumentarán a cantidade intercambiada e o prezo de equilibrio
- D) Non variará a cantidade intercambiada e o prezo de equilibrio aumentará

34 A curva de Engel

- A) Ten sempre pendente positiva
- B) Pode ter pendente positiva nun tramo e negativa noutro; o cambio de positivo a negativo prodúcese a partir do valor da renda que fai que un ben pase de ser ben inferior a ben normal
- C) Pode ter pendente positiva nun tramo e negativa noutro; o cambio de positivo a negativo prodúcese a partir do valor da renda que fai que un ben pase de ser ben normal a ben inferior
- D) Ten sempre pendente negativa

35 ¿En que consiste o efecto dotación?

- A) É a tendencia dos individuos a valorar máis un artigo cando non o posúen que cando o posúen
- B) É a tendencia dos individuos a valorar máis un artigo cando o posúen que cando non o posúen
- C) É a tendencia dos individuos a preferir ter ganancias a evitar as perdas
- D) É a tendencia dos individuos a preferir evitar as perdas a ter ganancias

36 Sinalar a resposta que NON é correcta

- A) Se a función de produción é cóncava, as isocuantas son convexas
- B) Se a función de produción non é cóncava, as isocuantas poden ser convexas
- C) As isocuantas son sempre convexas, con independencia da función de produción da que proveñan
- D) Para a maximización do beneficio non é suficiente con que as isocuantas sexan convexas

37 Se só unha parte da man de obra que emprega a empresa pódese despedir en calquera momento sen indemnización, o total de salarios e xornais que paga a empresa debe considerarse como

- A) Un custo fixo
- B) Un custo variable
- C) Un custo en parte fixo e en parte variable
- D) Ningunha das respostas anteriores é certa

38 Sinala a resposta correcta: para alcanzar o equilibrio competitivo a longo prazo deben darse tres condicións, dous delas son:

- A) Que todas as empresas da industria están maximizando beneficios e que o prezo do produto é tal que a cantidade ofrecida pola industria é igual á cantidade demandada polos consumidores
- B) Que todas as empresas da industria están maximizando beneficios e que todas as empresas teñen incentivos para entrar e saír da industria
- C) Que todas as empresas teñen incentivos para entrar e saír da industria e que o prezo do produto é tal que a cantidade ofrecida pola industria é igual á cantidade demandada polos consumidores
- D) Todas as respostas anteriores son certas

39 Sinale a resposta correcta

- A) Para medir o poder do monopolio utilízase o Índice de Lerner (L), que recolle o exceso do prezo sobre o custo marxinal en porcentaxe do prezo: $L = \frac{P-CM}{P}$
- B) Para medir o poder do monopolio utilízase o Índice de Lerner (L), que recolle o exceso do prezo sobre o custo marxinal en porcentaxe do custo marxinal: $L = \frac{P-CM}{CM}$
- C) Para medir o poder do monopolio utilízase o Índice de Lerner (L), que recolle o exceso do custo marxinal sobre o prezo en porcentaxe do prezo: $L = \frac{CM-P}{P}$
- D) Para medir o poder do monopolio utilízase o Índice de Lerner (L), que recolle o exceso do custo marxinal sobre o prezo en porcentaxe do custo marxinal: $L = \frac{CM-P}{CM}$

40 Sinale a resposta NON correcta

- A) O equilibrio do monopolista obtense naquel volume de produción para o cal o ingreso marxinal é igual ao custo marxinal
- B) No equilibrio a longo prazo nun mercado de competencia monopolística a cantidade producida é inferior á que corresponde ao mínimo dos custos medios
- C) O oligopolio é un tipo de mercado imperfecto porque non rexe o principio de indiferenza da mercadoría
- D) No curto prazo o equilibrio do empresario en competencia monopolística coincide co equilibrio do monopolista

41 Sinale a resposta NON correcta

- A) A externalidade é unha acción dun produtor ou dun consumidor que afecta á produción ou ao consumo doutros dunha maneira que non se reflicte directamente no mercado
- B) As externalidades non provocan ineficiencias no mercado
- C) A contaminación é un exemplo de externalidade
- D) O custo social marxinal é a suma do custo marxinal de produción e o custo externo marxinal

42 No modelo de crecemento de Solow o nivel de acumulación de capital correspondente á regra de ouro

- A) é aquel que ten un nivel de capital por traballador máis alto
- B) é aquel que ten un nivel de consumo por traballador máis alto
- C) é aquel ao que sempre tende a economía
- D) é aquel que ten un nivel de produción por traballador máis alto

43 Incrementar o seguro de desemprego, incrementaríase:

- A) O desemprego friccional e a taxa natural de desemprego
- B) Nin o desemprego friccional, nin a taxa natural de desemprego
- C) O desemprego friccional, pero non a taxa natural de desemprego
- D) A taxa natural de desemprego, pero non o desemprego friccional

44 Nun sistema bancario de reservas fraccionarias, se C é o cociente entre reservas e os depósitos, o multiplicador do diñeiro é

- A) $1/(1-C)$
- B) $1/(1+C)$
- C) $C/(1-C)$
- D) $1/C$

45 Se e é o tipo de cambio nominal (unidades de moeda estranxeira por unha unidade de moeda doméstica), P o nivel de prezos domésticos e P' o nivel de prezos no estranxeiro, o tipo de cambio real defínese:

- A) $e(P'/P)$
- B) $e(P/P')$
- C) $e+(P'/P)$
- D) Ningunha das anteriores

46 Como consecuencia dunha caída dos prezos:

- A) Hai un movemento cara a arriba na curva de demanda agregada
- B) Hai un movemento cara a abaixo na curva de demanda agregada
- C) A curva de demanda agregada desprázase á dereita
- D) A curva de demanda agregada desprázase á esquerda

47 No modelo IS-LM dunha economía pechada, se a autoridade monetaria produce unha redución na oferta monetaria, entón producirase

- A) un movemento cara a arriba ao longo da curva de demanda agregada
- B) un desprazamento cara á esquerda da curva de demanda agregada
- C) un movemento cara a abaixo ao longo da curva de demanda agregada
- D) un desprazamento cara á dereita da curva de demanda agregada

48 Se a curva de Phillips dunha economía é $\pi = \pi_{-1} - 0,5(u - 0,04)$, entón

- A) a taxa natural de desemprego é do 2%
- B) a taxa natural de desemprego é do 8%
- C) requírense 2 puntos porcentuais de desemprego cíclico para reducir a taxa de inflación en 1 punto porcentual
- D) requírense 1 punto porcentual de desemprego cíclico para reducir a taxa de inflación en 2 puntos porcentuais

49 Para Keynes a propensión media ao consumo

- A) aumenta ao aumentar a renda
- B) non varía ao aumentar a renda
- C) diminúe ao aumentar a renda
- D) non segue un comportamento definido

50 No modelo de Fisher de elección intertemporal, cal é a forma habitual de expresar a restrición presupostaria intertemporal do consumidor?

- A) $(1+r)C_1 + C_2 = (1+r)Y_1 + Y_2$
- B) $C_1 + (1+r)C_2 = Y_1 + (1+r)Y_2$
- C) $C_1/(1+r) + C_2 = Y_1/(1+r) + Y_2$
- D) $C_1 + C_2/(1+r) = Y_1 + Y_2/(1+r)$

51 Segundo Tobin as empresas realizan investimento neto se o valor de mercado do capital instalado é

- A) maior que a q de Tobin
- B) menor que o custo de reposición do capital instalado
- C) maior que o custo de reposición do capital instalado
- D) menor que a q de Tobin

52 Nun modelo de oferta monetaria o cociente entre as reservas e os depósitos é 0,2; e o cociente entre o efectivo e os depósitos é 0,3. Cal é o multiplicador do diñeiro?

- A) 2
- B) 2,2
- C) 2,6
- D) 3

53 A taxa de desemprego de longa duración en Galicia é do 9.3% mentres que en España é do 11.1% e na UE28 non alcanza o 5%. Sinale a afirmación correcta relacionada con los datos que acaba de ler

- A) En Galicia, do total de poboación activa, o 9.3% estivo desempregada cando menos 12 meses
- B) En Galicia, do total de poboación parada, o 9.3% ten máis de 50 anos
- C) En Galicia, do total de poboación parada, o 9.3% estivo desempregada cando menos 12 meses
- D) Galicia ten unha taxa de actividade superior á española, especialmente nos maiores de 55 anos, de aí que a taxa de desemprego de longa duración sexa menor en Galicia que en España

54 A Débeda Pública pode definirse cómo:

- A) O total dos gastos do sector público menos os ingresos do sector nun período de tempo determinado, normalmente un ano
- B) O valor nominal total das obrigas brutas do sector Administracións públicas xeradas durante un ano, a excepción das obrigas representadas por activos financeiros que estean en mans do propio sector
- C) O valor nominal total das obrigas brutas do sector Administracións públicas pendentes a final de ano, a excepción das obrigas representadas por activos financeiros que estean en mans do propio sector
- D) O total dos gastos das Administracións públicas menos os ingresos do sector nun período de tempo determinado, normalmente un ano

55 Sinale a afirmación incorrecta respecto á Organización Mundial do Comercio (OMC)

- A) É un foro para que os gobernos negocien acordos comerciais e onde poden resolver as súas diferenzas comerciais
- B) Unha das funcións é supervisar as políticas comerciais nacionais
- C) España non forma parte da OMC por ser Estado membro da Unión Europea
- D) O Acordo Xeral sobre Aranceis Aduaneiros e Comercio (GATT) é o precedente da OMC

56 Sinale a afirmación correcta:

- A) O Sistema Europeo de Bancos Centrais está composto polos Bancos Centrais Nacionais dos vinte e oito Estados membros da UE
- B) O Sistema Europeo de Bancos Centrais está composto polo Banco Central Europeo e polos Bancos Centrais Nacionais de aqueles países membros que adoptaron o Euro como moeda oficial
- C) O Sistema Europeo de Bancos Centrais está composto polos Bancos Centrais Nacionais de aqueles países membros que adoptaron o Euro como moeda oficial
- D) O Sistema Europeo de Bancos Centrais está composto polo Banco Central Europeo e polos Bancos Centrais Nacionais dos vinte e oito Estados membros da UE

57 O gasto rexional correspondente ao período 2007-2013 representa máis de un terzo do orzamento da UE, uns 347.000 millóns de euros. Dependendo do que se financie e en qué país ou rexión, o diñeiro co que se executa a política rexional pode proceder de tres fontes. Sinale aquela fonte de fondos que non é propia da Unión Europea:

- A) O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)
- B) O Fondo de Compensación Interterritorial
- C) O Fondo Social Europeo (FSE)
- D) O Fondo de Cohesión

58 No modelo linear xeral a suma dos residuos da estimación mínimo cuadrática é cero

- A) se a perturbación aleatoria segue unha distribución normal
- B) se o modelo incorpora termo independente
- C) se a perturbación aleatoria non segue unha distribución normal
- D) se o modelo non incorpora termo independente

59 Estimamos o modelo linear xeral $y = \beta_0 + \beta_1 x_1 + \beta_2 x_2 + \beta_3 x_3 + \beta_4 x_4 + \varepsilon$ con **74 observacións** e queremos contrastar a hipótese nula $H_0 : \beta_1 = 2, \beta_2 + \beta_3 = 1$.

Cantos graos de liberdade ten a distribución do estatístico que se utiliza no contraste?

- A) 69 , 3
- B) 3 , 69
- C) 69 , 2
- D) 2 , 69

60 No modelo linear con perturbacións non esféricas, o estimador de máxima verosimillanza dos coeficientes das variables explicativas do modelo

- A) coincide co de mínimos cadrados ordinario, e o estimador de máxima verosimillanza da varianza da perturbación aleatoria é inesgado
- B) coincide co de mínimos cadrados ordinario, e o estimador de máxima verosimillanza da varianza da perturbación aleatoria é nesgado
- C) coincide co de mínimos cadrados xeneralizado, e o estimador de máxima verosimillanza da varianza da perturbación aleatoria é inesgado
- D) coincide co de mínimos cadrados xeneralizado, e o estimador de máxima verosimillanza da varianza da perturbación aleatoria é nesgado

61 Que contraste de autocorrelación permite testar unha estrutura de autocorrelación máis complexa que un AR(1) na perturbación aleatoria?

- A) Contraste de Breusch-Godfrey
- B) Contraste de Goldfeld-Quandt
- C) Contraste de Durbin-Watson
- D) Contraste de Harvey

62 Se no modelo linear denominamos á perturbación aleatoria ε , o estatístico d do contraste de Durbin-Watson para contrastar a autocorrelación defínese:

A)
$$\frac{\sum_{t=2}^T (\hat{\varepsilon}_t - \hat{\varepsilon}_{t-1})^2}{\sum_{t=2}^T \hat{\varepsilon}_t^2}$$

B)
$$\sum_{t=2}^T (\hat{\varepsilon}_t - \hat{\varepsilon}_{t-1})^2$$

C)
$$\sqrt{\frac{\sum_{t=2}^T (\hat{\varepsilon}_t - \hat{\varepsilon}_{t-1})^2}{\sum_{t=2}^T \hat{\varepsilon}_t^2}}$$

D)
$$\sqrt{\sum_{t=2}^T (\hat{\varepsilon}_t - \hat{\varepsilon}_{t-1})^2}$$

63 Estimamos un modelo de regresión linear con tres variables explicativas e termo independente, empregando 100 observacións. Obtemos un coeficiente de determinación moi próximo a 1, pero ningunha variable é significativa individualmente. Que problema pode presentar o modelo?

- A) Autocorrelación
- B) Heterocedasticidade
- C) Multicolinearidade
- D) Ningún dos anteriores

64 O modelo logit multinomial desenvolvido por McFadden estendeu o modelo logit ao caso no que había máis de dúas alternativas para a variable endóxena. Non obstante, establece un suposto cuxa validez práctica é cuestionable en ocasións. Cal é?

- A) A independencia de alternativas irrelevantes
- B) A independencia de todas as alternativas
- C) A incorrelación de todas as alternativas
- D) Ningunha das anteriores

65 Cal das seguintes condicións non ten que cumprir unha variable instrumental empregada no estimador de variables instrumentais?

- A) Non está incluída no modelo como variable explicativa
- B) Está incorrelada con todas as variables explicativas
- C) Está incorrelada coa perturbación aleatoria
- D) Está correlada coa variable para a que fai de instrumento

66 Dado o seguinte modelo de ecuacións simultáneas en forma estrutural

$$y_{1t} = \beta_{12}y_{2t} + \gamma_{11}x_{1t} + \gamma_{12}x_{2t} + \gamma_{13}x_{3t} + \varepsilon_{1t}$$

$$y_{2t} = \beta_{21}y_{1t} + \gamma_{21}x_{1t} + \gamma_{23}x_{3t} + \varepsilon_{2t}$$

segundo a condición de orde que ecuacións están posiblemente identificadas?

- A) As dúas ecuacións están posiblemente identificadas
- B) Só a primeira está posiblemente identificada
- C) Só a segunda está posiblemente identificada
- D) Ningunha das dúas están posiblemente identificadas

67 Un proceso que ten media nula e no que a función de autocovarianza toma un valor non nulo para o retardo 0, e toma o valor 0 para o resto de retardos, adóitase denominar

- A) proceso autocorrelacionado
- B) proceso de medias móbiles
- C) ruído branco
- D) paseo aleatorio

68 Cal é o valor da función de autocorrelación simple no retardo 2 para o proceso $y_t = 0,5y_{t-1} + \varepsilon_t$?

- A) 0,25
- B) 0
- C) 0,5
- D) 0,125

69 Se ao estimar un modelo AR(1) obtemos un coeficiente próximo a 1, indicaría que:

- A) A serie pode que non estea xerada por un proceso estacionario en media
- B) Habería que probar un AR(2)
- C) Habería que tomar logaritmos
- D) Temos que engadir unha compoñente de media móbil ao modelo

70 Como se denomina á análise que trata de estimar a influencia de factores importantes exógenos ao proceso xerador dunha serie temporal?

- A) Análise funcional
- B) Prebranqueo
- C) Análise de intervención
- D) Ningunha das anteriores

71 Se unha serie segue un proceso de paseo aleatorio. Cal é o valor da función de predición un período no futuro? $Y_T(1)$

- A) 0
- B)

A media da serie, $\frac{\sum_{t=1}^T y_t}{T}$

- C) O valor actual, y_T
- D) ningún dos anteriores

72 ¿Cal das seguintes é unha condición necesaria e suficiente para que dous sucesos sexan disxuntos?

- A) $P(A \cup B) = 0$
- B) $P(A \cup B) = 1$
- C) $P(A \cap B) = 0$
- D) $P(A \cap B) = P(A) + P(B)$

73 Se dous sucesos A e B son independentes, cúmprese que:

- A) $P(A \cap B) = 0$
- B) $P(A/B) = P(B)$
- C) $P(A/B) = P(A)$
- D) $P(A/B) = P(B/A)$

74 Considéranse dúas urnas numeradas, a urna número 1 contén tres bólas brancas e tres negras, e a urna número 2 contén catro bólas brancas e dúas negras. Lánzase unha moeda ao aire e, se sae cara faise unha extracción da urna número 1, se sae cruz a extracción faise da urna número 2. ¿Cal é a probabilidade de extraer unha bóla negra?

- A) $3/6$
- B) $2/6$
- C) $\frac{1}{2} \left(\frac{1}{2} + \frac{1}{3} \right)$
- D) $\left(\frac{1}{2} + \frac{1}{3} \right)$

75 Nunha variable continua X (que toma valores x), a función de distribución:

- A) Verifica que $F(x) = \sum_{x_i \leq x} P[X = x_i]$
- B) Non é unha probabilidade
- C) Verifica que $F(x) = \int_0^{+\infty} f(x) dx$
- D) Ao ser unha probabilidade non pode ser maior que 1

76 Para poder aplicar a desigualdade de Chebychev, en relación á variable aleatoria necesítase coñecer:

- A) A media e a moda da distribución
- B) A varianza e a covarianza da distribución
- C) A media e a desviación típica da distribución
- D) A desviación típica e a mediana da distribución

77 Se X é unha variable aleatoria e $\varphi_X(t)$ a súa función característica, entón para a variable $Y=a+bX$ (sendo a e b $\in \mathbb{R}$) verifícase que:

- A) $\varphi_Y(t) = \varphi_{a+bX}(t) = e^{ita} + \varphi_X(bt)$
- B) $\varphi_Y(t) = \varphi_{a+bX}(t) = e^{ita} \varphi_X(bt)$
- C) $\varphi_Y(t) = \varphi_{a+bX}(t) = \varphi_X(bt)$
- D) $\varphi_Y(t) = \varphi_{a+bX}(t) = e^{itb} \varphi_X(at)$

78 Nunha distribución bidimensional con

$$f(x,y) = kxy \text{ cando } 0 < x < 2 ; 0 < y < 1$$

¿Cal é o valor de k?

- A) 2
- B) 1
- C) 1/2
- D) Ningunha das respostas anteriores é certa

79 Na distribución de Poisson cúmprese que:

- A) Ten unha esperanza igual á desviación típica
- B) Obtense xeneralizando o proceso de Bernouilli
- C) Baixo determinadas condicións pódese aproximar ao Chi-cadrado
- D) Ten unha esperanza igual á varianza

80 Para unha variable aleatoria X con distribución Uniforme (0,2)

- A) $E(X) = 1 ; V(X) = \frac{1}{6}$
- B) $E(X) = 1,5 ; V(X) = \frac{1}{6}$
- C) $E(X) = 1 ; V(X) = \frac{1}{3}$
- D) $E(X) = 1,5 ; V(X) = \frac{1}{3}$

81 Sexa T unha variable con distribución t_4 , da que se sabe que $P(a < T < 1,53) = 0,55$. Entón

- A) a debe ser maior que cero
- B) a pode ser negativo
- C) a debe ser negativo
- D) Non é posible saber nin o valor nin o signo de a

82 ¿Cal das seguintes afirmacións é certa? A distribución $F_{n,m}$

- A) É unha distribución simétrica
- B) Ten a propiedade de aditividade
- C) Non ten a propiedade de "inversión"
- D) Ningunha das respostas anteriores é certa

83 ¿Cal das seguintes afirmacións NON é certa para unha distribución exponencial de parámetro a, con $a > 0$, $\text{Exp}(a)$?

- A) Obtense a partir da distribución γ de parámetros p, a, con $p, a > 0$, $\gamma(p, a)$ facendo $p=1$
- B) A súa esperanza é $\frac{1}{a}$
- C) A súa varianza é $\frac{1}{a^2}$
- D) A súa esperanza é $\frac{1}{p}$

84 Sexa (X_1, X_2, X_3) unha variable aleatoria que segue unha distribución normal multivariante con vector de medias μ e matriz de varianzas Σ . Sábese ademais que Σ é unha matriz diagonal. Nese caso cumprírase que:

- A) (X_1, X_2, X_3) están incorrelacionadas entre si pero non son independentes
- B) (X_1, X_2, X_3) son independentes entre si
- C) $Var(X_1/X_2, X_3) < Var(X_1)$
- D) $E(X_2/X_1, X_3)$ é unha función non lineal de X_1 e X_3

85 O teorema central do límite

- A) É un caso particular de converxencia en probabilidade
- B) É un caso particular do teorema de De Moivre
- C) É un caso particular de converxencia en distribución
- D) Só se pode aplicar á binomial e á Poisson

86 Sexa un proceso ARIMA (1, 0, 1). Pódese dicir que:

- A) Non hai ningún compoñente autorregresivo estacionario
- B) O coeficiente de autocorrelación parcial de orde 2 é igual a cero
- C) O proceso é estacionario
- D) O coeficiente de autocorrelación simple de orde 2 é igual a cero

87 O enfoque bayesiano na inferencia

- A) Encádrase dentro da inferencia non paramétrica.
- B) Supón unha distribución a priori na función de verosimilitude.
- C) Permite obter a distribución a posteriori dos parámetros descoñecidos.
- D) Ningunha das anteriores.

88 Cal das seguintes afirmacións é incorrecta?

- A) A función de distribución empírica é un estimador inesgado da función de distribución puntualmente.
- B) A función de distribución empírica converxe case seguro á función de distribución puntualmente.
- C) A función de distribución empírica cumpre o teorema central do límite puntualmente.
- D) Se o tamaño da mostra é grande, a función de distribución empírica segue a lei de Kolmogorov-Smirnov puntualmente.

89 Se A e B son estimadores consistentes en media cadrática, entón a súa media $C=(A+B)/2$ é un estimador

- A) Non nesgado.
- B) Sempre máis eficiente que calquera dos dous.
- C) Nesgado se o son A e B.
- D) Ningunha das anteriores

90 Baixo condicións de regularidade, a cota de Fréchet-Cramer-Rao

- A) É menor ou igual que a varianza de calquera estimador.
- B) É a varianza dos estimadores consistentes en media cadrática.
- C) É máis pequena que a varianza de calquera estimador.
- D) É a varianza mínima dos estimadores suficientes.

91 Un intervalo de confianza para un parámetro θ , é un intervalo

- A) Centrado en θ , cuxos extremos son funcións das observacións.
- B) Centrado nun estimador de θ cuxos extremos son funcións das observacións.
- C) Centrado nun estimador non nesgado de θ , cuxos extremos son funcións das observacións.
- D) Cuxos extremos son funcións das observacións.

92 A aproximación de Welch utilízase para facer inferencia sobre a diferenza de medias en poboacións normais, con mostras independentes, se

- A) As varianzas son coñecidas e iguais.
- B) As varianzas son descoñecidas pero iguais.
- C) As varianzas son descoñecidas e distintas.
- D) As varianzas son coñecidas pero distintas.

93 O método jack-knife é unha técnica de remostraxe que

- A) Conduce a unha estimación menos nesgada.
- B) Estima baseándose na mostraxe con reemplazamento.
